

Curso de inglés para profesionais do audiovisual e da escrita teatral

Organizado por:



DESTINATARIOS E OBXECTIVOS

O audiovisual é o teatro son sectores internacionais: traballos e rodaxes con equipos multiculturais, coproducións entre distintos países e distribución global a través de plataformas de streaming. A nivel práctico, o inglés funciona como lingua ponte que facilita a comunicación entre profesionais de diferentes orixes e consolidouse como o idioma de referencia na internacionalización e especialmente no ámbito audiovisual. O seu dominio resulta clave para o desenvolvemento profesional.

O curso presenta ferramentas lingüísticas adaptadas á terminoloxía de traballo de calquera disciplina e da técnica do audiovisual (guión, produción, venda, distribución). Alén da gramática, achega competencias comunicativas situadas, tales como negociar contratos, presentar proxectos, defender un pitch ou traballar en equipos internacionais, aspectos esenciais na práctica profesional.

Procúrase incrementar as posibilidades de desenvolvemento laboral nun sector no que as competencias lingüísticas poden determinar a venda dun proxecto ou o éxito na súa presentación e defensa.

Dirixido a profesionais do audiovisual e da escrita teatral con coñecementos de inglés nivel B1. Recoméndase participar cun proxecto propio de máximo dúas páxinas que sirva como base de traballo e adestramento durante o curso.

PROGRAMA

Semana 1 – Terminoloxía

1. Inglés audiovisual. Comunicación profesional

Terminoloxía básica do sector:

- Roles profesionais (director, producer, editor, sound designer, etc.)
- Plataformas dixitais. Xéneros e formatos audiovisuais
- Presentarse. Role plays e traballos en grupo
- Linguaxe formal e informal. Modelos de situacións e xerga
- Práctica

2. Vocabulario técnico audiovisual. Inglés para guión e contidos

- Estrutura básica de material audiovisual e dun guión
 - Análise de escenas e diálogos
 - Instrucións de guión e storyboard
 - Terminoloxía narrativa
 - Práctica
-

Semana 2 – Reunións, dossier e proxecto

Inglés escrito profesional

- Correos electrónicos profesionais
- One-pagers e dossiers breves
- Preparación de presentacións (slides)
- Resumos executivos
- Práctica

Xestión de proxectos e reunións

- Opening, agenda e peche de reunións
 - Expresar ideas, acordo e desacordo
 - Pedir aclaracións e reformular
 - Quendas de palabra e linguaxe diplomática
 - Comunicación con clientes e equipos internacionais
 - Práctica
-

Semanas 3 e 4 – Presentacións prácticas e pitching. Práctica aplicada

Vocabulario clave para pitching e venda

- Desenvolvemento de proxectos
- Xéneros e formatos audiovisuais
- Plataformas, festivais e financiamento

Estrutura dun pitch eficaz

- Tag line, logline e sinopse
- Personaxes e conflito
- Comunicar o valor diferencial do proxecto
- Definir o público obxectivo e mercado

Linguaxe persuasiva e storytelling

- Convencer e xerar interese
- Presentar beneficios e oportunidades
- Comparacións e referencias (comps)
- Linguaxe persuasiva e storytelling
- Xestión do feedback e diálogos
- Simulación de situacións reais de pitching
- Presentación oral de proxectos
- Visionado e análise de material audiovisual en inglés

PONENTE

Lucía Miranda Morla

Lucía Miranda-Morla é Licenciada en Tradución e Interpretación, con traballo fin de carreira en civilización francesa. Intérprete xurada de inglés, conta co C.A.P. en ensinanza de lingua inglesa (Universidad Complutense de Madrid) e posúe un M.A. (Master of Arts) en Estudos Interculturais pola DCU (Dublin City University) e un D.E.A. en Lingüística e Teoría da Literatura pola UAM (Universidad Autónoma de Madrid) con tesina en tradutoloxía e literatura comparada.

Profesionalmente prioriza o seu labor como tradutora, correctora e redactora especializada en filosofía, literatura e manifestacións artísticas. O seu exemplo de libro máis recente é *Aquí yace el corazón* de Mercedes de Acosta (Mundos Flotantes, 2024; tradución e proxecto editorial para a recuperación da figura desta poeta, dramaturga e guionista a través das súas memorias, que até ese momento non foran publicadas en lingua española).

DATAS, HORARIO E LUGAR DE IMPARTICIÓN

Datas e horario:

- Venres 20 e sábado 21 de febreiro de 2026, de 10:00 h a 13:30 h
- Venres 27 e sábado 28 de febreiro de 2026, de 10:00 h a 13:30 h
- Venres 6 e sábado 7 de marzo de 2026, de 10:00 h a 13:00 h
- Venres 13 e sábado 14 de marzo de 2026, de 10:00 h a 13:00 h

Prazo de inscrición: ata esgotar prazas ou até o 18 de febreiro

Lugar:

Sede SGAE Santiago de Compostela
Salvadas 2. A Parque Vista Alegre
15705 Santiago de Compostela

Duración: 28 horas

PRAZAS E MATRÍCULAS (IVE incluído)

	Socios SGAE	Antigos alumnos	Alumnos novos
Custe do curso	45 €	80 €	100 €

SELECCIÓN DO ALUMNADO

Dirixido a profesionais do audiovisual e da escrita teatral con coñecementos de inglés nivel B1.

Recoméndase participar cun proxecto propio de máximo dúas páxinas que sirva como base de traballo e adestramento durante o curso.

As socias e socios SGAE terán prioridade sobre outros interesados en caso de lista de espera.

As inscricións realizaranse até completar prazas ou até o 18 de febreiro a través do correo **pblanco@fundacionsgae.org**, indicando no asunto o nome do taller.

Prazas limitadas.

A realización está suxeita a un mínimo de inscritos.

INFORMACIÓN

Santiago de Compostela
Departamento de Formación

Patricia Blanco

pblanco@fundacionsgae.org

www.fundacionsgae.org

www.sgae.es

NOTA

A Fundación SGAE resérvase o dereito de modificar calquera aspecto do programa se as circunstancias o requiren.